



Á ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

A Coruña, 19 de outubro de 2022

Prezada alcaldesa:

No pleno do pasado 13 de outubro, a iniciativa da Marea Atlántica e grazas a un acordo de transacción co PSdeG-PSOE, aprobamos por unanimidade unha moción sobre a **situación das bibliotecas de xestión privada da nosa cidade e o seu persoal**. Expresamos o noso apoio aos traballadores e ás traballadoras, instamos o goberno que presides a proporcionar garantías laborais de xeito inmediato e acordamos crear unha **comisión para estudar as posibles vías de solución definitiva ao problema, entre elas a remunicipalización do servizo e a unificación da rede de centros**, con representación de todos os grupos municipais e con voz para o comité de empresa.

A incerteza na que viven as traballadoras é insoportable, e calquera alternativa ao modelo dual que está a provocar estes problemas esixirá un esforzo notable por parte do Concello, tanto técnico como político. **Non hai tempo que perder**. Vista a boa disposición dos representantes e as representantes do persoal a colaborar, coido que é **preciso acelerar a constitución da citada comisión e convocar a súa primeira sesión, á que debería incorporarse o comité de empresa**. Adiántoche que o noso representante nese novo órgano será o concelleiro Iago Martínez Durán.

A fin de que podamos abordar canto antes e do mellor xeito posible o reto que nos marcamos no pleno, trasladarei este escrito ao resto dos grupos municipais para que poidan designar tamén a súa representación.

Un saúdo cordial,

María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica